Obxecto: Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para proxectos colectivos que modernicen as infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e dos lugares de

CONVOCATORIAS

desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e das condicións de traballo, da calidade e do incremento do control e da rastrexabilidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca e da seguridade das infraestruturas fronte a eventos meteorolóxicos provocados polo cambio climático, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) e tramitada como expediente anticipado de gasto.

Convoca: Consellería do Mar

Prazo: Un (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde.

ORDE do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando en ganderías, como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809G). (Diario Oficial de Galicia, Num: 6, 09-01-2024)

Destinatarios: Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún e equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

Obxecto: Establecer as bases reguladoras para conceder axudas para a contratación de persoas coidadoras de gando en explotacións gandeiras, para pastoreo e manexo do gando como medida preventiva dos danos que poida ocasionar o lobo, e realizar a súa convocatoria para o ano 2024.

Convoca: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: Un mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

ORDE do 17 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2024 e 2025 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na rede Natura 2000 de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento MT814A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 19, 26-01-2024, Páx: 7480)

Destinatarios: a) As persoas físicas.

b) Os concellos incluídos total ou parcialmente na Rede Natura 2000 de Galicia.

c) As asociacións sen ánimo de lucro, incluídas aquelas que teñan asinados acordos de custodia do territorio con persoas físicas ou xurídicas titulares ou cotitulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou as súas agrupacións.

d) As comunidades de montes veciñais en man común.

Obxecto: O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras do réxime de axudas dirixidas a promover a conservación e valorización do patrimonio natural e cultural dos espazos da Rede Natura 2000 de Galicia ou de zonas limítrofes fóra desta pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente na Rede Natura 2000 (código do procedemento administrativo MT814A).

Convoca: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

CONVOCATORIAS

Prazo: Un (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrència competitiva das axudas para a execución de proxectos innovadores dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC (PEPAC) 2023-2027, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MR331B). (Diario Oficial de Galicia, Num: 18, 25-01-2024, Páx: 7178)

Destinatarios: Poderán acceder á condición de entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta resolución as persoas físicas ou xurídicas, incluídas as administracións públicas, que formen parte dun Grupo operativo da AEI-Agri (GO), constituído para a preparación e execución dun ou máis proxectos dirixidos á modernización do sector agroalimentario ou forestal, así como os grupos operativos da AEI constituídos como unha entidade xurídica.

Obxecto: Establecer as bases reguladoras e realizar a convocatoria das axudas para o exercicio 2024, para promover novas formas de cooperación para a execución de proxectos innovadores de grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI) en materia de sustentabilidade e produtividade agrícola correspondentes á Intervención 7161 «cooperación de grupos operativos da AEI» do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC).

Convoca: Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Prazo: Un mes e contarase a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG.

ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 22, 31-01-2024, Páx: 9538)

Destinatarios: 1. Pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas, con domicilio fiscal e social na Comunidade Autónoma de Galicia. As entidades terán personalidade xurídica.

2. Persoas xurídicas sen ánimo de lucro, con domicilio fiscal e social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxecto: O obxecto da presente orde é establecer as bases reguladoras, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións a proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

Convoca: Consellería do Mar

Prazo: Un (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde

CONVOCATORIAS

ORDE do 7 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento MR506A e MR506B). (Diario Oficial de Galicia, Num: 5, 08-01-2024, Páx: 1214)

Destinatarios: Consultar Artigo 4. Beneficiarios e requisitos

Obxecto: Esta orde ten por obxecto establecer, en réxime de concorrència competitiva, as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das condicións xerais de produción e comercialización dos produtos apícolas, no marco da Intervención Sectorial Apícola recollida no Plan Estratéxico Nacional da Política Agrícola Común (PAC) do Reino de España 2023-2027 e proceder á súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento MR506A e MR506B).

Convoca: Consellería de Medio Rural

Prazo: Un mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU232A). (Diario Oficial de la Unión Europea, Num: 19, 26-01-2024)

Destinatarios: Poderán ser beneficiarias destas subvencións as comunidades de usuarios coa finalidade de abastecemento de auga para consumo humano legalmente constituídas na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas previsións do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

Obxecto: A finalidade das subvencións é cofinanciar a mellora na prestación do servizo de abastecemento de auga para consumo humano por parte de comunidades de usuarios legalmente establecidas e, con ela, o nivel de garantía deses sistemas en canto á cantidade e calidade da auga.

Convoca: Augas de Galicia

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301C). (Diario Oficial de Galicia, Num: 19, 26-01-2024, Páx: 7827)

Destinatarios: Poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións os concellos responsables de sistemas de abastecemento á poboación cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes, segundo cifras de poboación acordadas co establecido no Real decreto 1037/2022, do 20 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación

CONVOCATORIAS

resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2022.

Obxecto: A finalidade das subvencións é que os concellos responsables do abastecemento á poboación leven a cabo unha auditoría dos seus sistemas de abastecemento en alta e de subministración en baixa, cuantifiquen as perdas de auga e deseñen un plan de actuacións detallado para minimizar estas perdas.

Convoca: Augas de Galicia

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

ORDE do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades colaboradoras de pesca continental para o fomento da riqueza piscícola e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT808A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 7, 10-01-2024, Páx: 1851)

Destinatarios: Persoas xurídicas que teñan o nomeamento de entidade colaboradora de pesca continental.

Obxecto: Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actividades e investimentos de fomento da riqueza piscícola e realizar a súa convocatoria para o ano 2024.

Convoca: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

RESOLUCIÓN do 11 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2024, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento MT402B). (Diario Oficial de Galicia, Num: 10, 15-01-2024, Páx: 3452)

Destinatarios: Poderán ser beneficiarios desta subvención aqueles concellos de Galicia, de forma individual, que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que teñan menos de 20.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes en 1 de xaneiro de 2022, publicadas polo Instituto Galego de Estatística.

b) Ter cumprido coa obriga anual de remisión das contas do concello ao Consello de Contas. Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Obxecto: Aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública para o ano 2024 para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia.

Convoca: Instituto de Estudos do Territorio

Prazo: Desde o día seguinte ao da publicación desta resolución ata o día 29 de febreiro de 2024.

ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para a rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóctonas e para a xestión forestal sustentable para usos

CONVOCATORIAS

silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento MR620C e MR620D). (Diario Oficial de Galicia, Num: 19, 26-01-2024, Páx: 7694)

Destinatarios: 1. Serán persoas beneficiarias as entidades locais e as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarias como arrendatarias ou xestoras, excepto para a liña II, en que se exclúen como persoa beneficiaria as entidades locais.

2. As persoas beneficiarias deben cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas en ningunha clase de inhabilitación de axudas previstas no seu artigo 10. Ademais, non deben estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Obxecto: Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para a rexeneración e/ou mellora de masas consolidadas de frondosas autóctonas e para a xestión forestal sustentable para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas, en réxime de concorrència competitiva, e convocalas para o ano 2024 a través de dúas liñas de axudas.

Convoca: Consellería do Medio Rural

Prazo: 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

ORDE do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809E). (Diario Oficial de Galicia, Num: 12, 17-01-2024, Páx: 3913)

Destinatarios: Poderanse acoller a estas axudas:

a) As persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias onde se constaten os danos aos cultivos agrícolas producidos polo xabaril, inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga).

b) As persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias de autoconsumo onde se constaten os danos aos cultivos agrícolas producidos polo xabaril.

Obxecto: Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas afectadas polos danos causados nos seus cultivos agrícolas polo xabaril, coa finalidade de compensar estes danos, e proceder á súa convocatoria para o ano 2024.

Convoca: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: Consultar o Artigo 14. Prazo de presentación de solicitudes

ORDE do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano

CONVOCATORIAS

2024 (código de procedemento MT809D). (Diario Oficial de Galicia, Num: 12, 17-01-2024, Páx: 3937)

Destinatarios: Consultar o Artigo 3. Persoas beneficiarias e requisitos

Obxecto: Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas titulares de explotacións agrícolas e/ou gandeiras afectadas polos ataques de especies de fauna silvestre (lobo, oso e xabaril), coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección, para o que se incentivará a adquisición de elementos preventivos dos danos que poidan ocasionar estas especies, e proceder á súa convocatoria para o ano 2024.

Convoca: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: Un mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento de Bonos de innovación para pequenas e medianas empresas cuxa actividade se enmarca nas prioridades estratéxicas da RIS3, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento IN848F). (Diario Oficial de Galicia, Num: 15, 22-01-2024, Páx: 5533)

Destinatarios: Microempresas, pequenas e medianas empresas, así como as entidades do terceiro sector de acción social, conforme as definicións contidas no artigo 2 con actividade económica e categoría de peme.

Obxecto: Aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das axudas da Axencia Galega de Innovación dirixidas ás microempresas, pequenas e medianas empresas galegas (pemes) destinadas ao financiamento de bonos de innovación e convocar as ditas axudas para o ano 2024.

Convoca: Axencia Galega de Innovación

Prazo: Un mes contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG.

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2023 pola que se modifica a Resolución do 23 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a iniciativa Fábrica intelixente e sustentable, orientada a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras para apoiar as empresas na súa transición industrial, en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e pacto verde, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento IN854A) (Diario Oficial de Galicia, Num: 2, 03-01-2024, Páx: 229)

Destinatarios: Consultar a Resolución do 23 de xuño de 2023

Obxecto: Consultar a Resolución do 23 de xuño de 2023

Convoca: Axencia Galega de Innovación

CONVOCATORIAS

Prazo: Consultar a Resolución do 23 de xuño de 2023

ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D). (Diario Oficial de Galicia, Num: 17, 24-01-2024, Páx: 6363)

Destinatarios: Consultar o Artigo 3. Liñas de subvención, beneficiarios individuais e de xestión compartida e exclusións

Obxecto: Por medio desta orde regúlanse os criterios de repartición e establécense as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, afectadas á realización de gastos que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego.

Convoca: Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Prazo: Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301D). (Diario Oficial de Galicia, Num: 20, 29-01-2024, Páx: 8259)

Destinatarios: Poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións os concellos responsables de sistemas de saneamento cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes, segundo cifras de poboación acordadas co establecido no Real decreto 1037/2022, do 20 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2022.

Obxecto: A finalidade das subvencións é que as entidades locais responsables do saneamento á poboación coñezan os problemas existentes no funcionamento dos sistemas de saneamento e contan cun instrumento básico para a detección e corrección dos distintos problemas existentes nas súas redes de saneamento.

Convoca: Augas de Galicia

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E).

CONVOCATORIAS

(Diario Oficial de Galicia, Num: 20, 29-01-2024, Páx: 8290)

Destinatarios: Poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións os concellos responsables de sistemas de abastecemento que dean servizo a unha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes e as entidades locais menores responsables de sistemas de abastecemento á poboación.

Obxecto: A finalidade das subvencións é axudarlles ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento a executar obras para minimizar as perdas de auga no sistema de abastecemento municipal, e contribuír ao cumprimento da normativa e dos obxectivos ambientais nun complexo escenario de cambio climático.

Convoca: Augas de Galicia

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

ORDE do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, destinadas ao impulso da boa gobernanza nas entidades de xestión dos montes veciñais en man común e dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MR651C). (Diario Oficial de Galicia, Num: 14, 19-01-2024, Páx: 4936)

Destinatarios: As entidades beneficiarias son as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) e as xuntas xestoras ou asembleas de copropietarios dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo.

Obxecto: Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas destinadas a impulsar a boa gobernanza nas entidades de xestión dos montes veciñais en man común e dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, e proceder á súa convocatoria para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento administrativo MR651C).

Convoca: Consellería de Medio Rural

Prazo: Trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde

RESOLUCIÓN do 28 de novembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria para o ano 2024, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento MT402A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 10, 15-01-2024, Páx: 3413)

Destinatarios: Poderán ser beneficiarias desta subvención as persoas físicas titulares dun inmovible ou ben sobre o cal pretendan realizar algunha/s das actuacións establecidas no ordinal segundo desta resolución.

Obxecto: Aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública para o ano 2024 para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos

CONVOCATORIAS

paisaxísticos destinadas a persoas físicas.

Convoca: Instituto de Estudos do Territorio

Prazo: Un (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora de infraestruturas de investigación e de ensaio e experimentación no marco da RIS3 Galicia 2021-2027, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN607E). (Diario Oficial de Galicia, Num: 16, 23-01-2024, Páx: 6041)

Destinatarios: Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia validamente inscritos, no momento da presentación da solicitude.

Obxecto: O fortalecemento dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio a investimentos para a creación e mellora de infraestruturas de investigación e de apoio á experimentación.

Convoca: Axencia Galega de Innovación

Prazo: Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG.

ORDE do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para as persoas titulares de terreos cinexéticos ordenados destinadas ao fomento da riqueza e xestión dos recursos cinexéticos, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT723A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 5, 08-01-2024, Páx: 948)

Destinatarios: Poderán acollerse a estas axudas tanto as persoas titulares de terreos cinexéticos ordenados (tecor) de Galicia, regulados no artigo 13 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, como as agrupacións destes que, aínda carecendo de personalidade xurídica, fagan unha solicitude conxunta. Neste último caso os terreos cinexéticos deberán ser lindeiros e estaren situados nunha mesma provincia. Para cada tecor só será admisible unha única solicitude.

Obxecto: a) Liña de actuacións nos terreos cinexeticamente ordenados coa finalidade de mellora de hábitats cinexéticos mediante a roza e trituración mecánica do mato, pase de grade, a emenda e/ou fertilización e sementeira de cereal e/ou leguminosas, de acordo coas indicacións contidas no anexo II.

b) Liña de actuación para a construción de tobeiras artificiais en terreos cinexeticamente ordenados, de acordo coas indicacións contidas no anexo II.

Convoca: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: Un mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

CONVOCATORIAS

ORDE do 16 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrència competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486D). (Diario Oficial de Galicia, Num: 13, 18-01-2024, Páx: 4300)

Destinatarios: 1. Poderán ser beneficiarios desta subvención aqueles concellos de Galicia que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter unha poboación igual ou inferior a 30.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes publicadas polo Instituto Galego de Estatística.

b) Ter remitida a conta xeral do concello correspondente ao exercicio orzamentario de 2022 ao Consello de Contas. Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Obxecto: Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrència competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486D).

Convoca: Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

ORDE do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809B). (Diario Oficial de Galicia, Num: 12, 17-01-2024, Páx: 3887)

Destinatarios: Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando que se especifica no anexo I e que fose afectado por ataques de lobos dentro da Comunidade Autónoma.

Obxecto: Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras afectadas polos ataques do lobo ás reses das súas explotacións, coa finalidade de compensar os danos ocasionados no seu gando, e proceder á súa convocatoria para o ano 2024.

Convoca: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: Consultar o Artigo 13. Prazo de presentación de solicitudes

ORDE do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da instalación de valados fixos como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809F). (Diario Oficial de Galicia, Num: 6, 09-01-2024, Páx: 1565)

CONVOCATORIAS

Destinatarios: Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza celta, equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

Obxecto: Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas titulares de explotacións gandeiras afectadas polos ataques de lobo, coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección, para o cal se incentiva a adquisición de elementos preventivos (valados fixos) dos danos que poida ocasionar esta especie, e realizar a súa convocatoria para o ano 2024.

Convoca: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: Un mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

Estatat

Orde ITU/1434/2023, do 26 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas de actuación integral para a descarbonización da industria manufactureira como parte do PERTE de Descarbonización Industrial no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e realízase a convocatoria anticipada do ano 2024. (Boletín Oficial del Estado, Num: 3, 03-01-2024, Páx: 778)

Destinatarios: Consultar Artigo6. Beneficiarios

Obxecto: Establecemento das bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de axudas a proxectos tractores das entidades definidas no artigo 6, pertencentes aos sectores da industria manufactureira en España, co fin de impulsar a descarbonización dos seus procesos produtivos, dentro do Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica da Industria Manufactureira (PERTE de Descarbonización Industrial), así como proceder á convocatoria anticipada de axudas correspondente ao ano 2024.

Convoca: Ministerio de Industria e Turismo

Prazo: Entre o 24 de xaneiro de 2024 e o 17 de abril de 2024.

Unión europea

Convocatoria 2023 do Fondo de Innovación

Destinatarios: Para tecnoloxías de cero emisións netas con cargo ao Fondo de Innovación.

Obxecto: Cun orzamento récord de 4.000 M€ para apoiar a implantación de tecnoloxías innovadoras de descarbonización na industria, este fondo pode achegar ata o 60% dos custos de proxectos de pequena escala (cun investimento ata 100 M€), mediana (ata 500) e grande (ata 1.700), así como de proxectos relacionadas coa fabricación de tecnoloxías limpas como o hidróxeno verde e proxectos piloto para unha “descarbonización profunda”, ambos con investimentos superiores aos 2,5 M€.

Convoca: Comisión Europea

Prazo: Ata o 9 de abril de 2024

Creación de espazos de diálogo para mellorar a saúde dos solos

CONVOCATORIAS

Obxecto: O proxecto HuMUS (Healthy Municipal Soils) financiará, con 600.000 €, 20 proxectos pilotos que reúnan a empresas, ONG, agricultores, consumidores, investigadores e responsables públicos para poñer en marcha un Acordo de Xestión Territorial coa metodoloxía desenvolvida polo proxecto. Ademais do financiamento, os gañadores da convocatoria recibirán apoio técnico. A misión de HuMUS é facilitar o despregamento da Misión do Solo da UE a nivel rexional e local en Europa.

Convoca: HuMUS (Healthy Municipal Soils)

Prazo: Ata o 29 de febreiro de 2024

BOLSAS

Galicia

ORDE do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan catro bolsas de formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE609B).
(Diario Oficial de Galicia, Num: 22, 31-01-2024, Páx: 9695)

Destinatarios: Consultar Artigo 4. Persoas beneficiarias

Obxecto: O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras que rexerán a convocatoria de bolsas para completar a formación de técnicos superiores de ciclos formativos de grao superior como persoal auxiliar de investigación mariña, así como convocar catro bolsas en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva para os anos 2024, 2025 e 2026 (código de procedemento administrativo PE609B).

Convoca: Consellería do Mar

Prazo: Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria

PREMIOS

Estatal

III Premios CSIC-Fundación BBVA de Comunicación Científica (Boletín Oficial del Estado, Num: 22, 25-01-2024, Páx: 3812)

Destinatarios: Os/as candidatos/as serán persoas físicas profesionais en activo de calquera nacionalidade que realizen unha parte significativa do seu traballo de comunicación en España, sendo posible a presentación de candidaturas conxuntas de dúas ou máis persoas que realizen en colaboración actividades de comunicación científica.

Obxecto: Abarcan contribucións significativas e innovadoras á difusión do coñecemento validado en todas as áreas das ciencias, a tecnoloxía e as humanidades. Constan de dúas categorías: unha dirixida a profesionais do xornalismo ou a comunicación especializados en información científica, e outra dirixida a investigadores/as que contribúen á difusión do coñecemento á sociedade.

Convoca: Fundación BBVA

Prazo: Ata o 15 de febreiro de 2024 ás 12:00 horas do mediodía (hora peninsular)

CONVOCATORIAS

Terceira edición do Premio Experiencias Inspiradoras en áreas protexidas

Destinatarios: Poden concorrer ao Premio tanto os membros de EUROPARC-España, as administracións públicas responsables da planificación e xestión dos nosos espazos naturais protexidos, como outras entidades públicas e privadas implicadas na realidade das áreas protexidas.

As candidaturas estarán referidas a proxectos desenvoltos entre 2019 e 2023.

Obxecto: Identificar, documentar e difundir experiencias nas que se afrontan tanto os retos do mundo rural como a adaptación ao cambio climático nas áreas protexidas.

Convoca: Fundación Fernando González Bernáldez e EUROPARC-España

Prazo: Ata o 15 de marzo de 2024.

Internacional**Premios Fundación BBVA á Conservación da Biodiversidade, XIX Edición (Boletín Oficial del Estado, Num: 22, 25-01-2024, Páx: 3810)**

Destinatarios: Consultar as bases da convocatoria para cada modalidade.

Obxecto: Recoñecen e incentivan o labor das organizacións conservacionistas, as institucións e os organismos que desenvolven políticas ou funcións de conservación ambiental, así como o traballo de profesionais da comunicación en calquera das súas formas que contribúen a protexer o patrimonio natural.

Contéplanse catro modalidades de premios:

- 1.- Premio Fundación BBVA á Conservación da Biodiversidade en España.
- 2.- Premio Fundación BBVA á Conservación da Biodiversidade en Latinoamérica.
- 3.- Premio Mundial Fundación BBVA á Conservación da Biodiversidade.
- 4.- Premios Fundación BBVA á difusión do coñecemento e sensibilización en conservación da biodiversidade en español.

Convoca: Fundación BBVA

Prazo: Ata o 5 de abril de 2024.

ACTIVIDADES

CONGRESOS

Estatal

Congreso ESPARC 2024: territorios de vida

Contido: A partir do 1 de febreiro publicárase o programa do congreso e abrírase a inscrición.

Lugar: Sigüenza

Organizador: Junta de Comunidades de Castilla – La Mancha e EUROPARC-España

Data de inicio: 22-05-2024

Data de fin: 25-05-2024

XORNADAS

Outras CCAA

I Xornadas de campo sobre a conservación do patrimonio xeolóxico en contornas mineiras da Región de Murcia.

Contido: Durante tres días de campo e con expertos en patrimonio xeolóxico e mineiro os participantes das xornadas terán a oportunidade de visitar algunhas das contornas mineiras con contidos xeolóxicos máis relevantes dos municipios de Cartaxena, Cehegín, Calasparra, Jumilla, Lorca e A Unión, así como coñecer a diversidade xeolóxica e cultural da Región de Murcia.

Lugar: Murcia

Organizador: Sociedad Española para la Defensa del Patrimonio Geológico y Minero (SEDPGYM)

Data de inicio: 15-02-2024

Data de fin: 17-02-2024

Unión europea

#RIDaysEU: Xornadas Europeas de Investigación e Innovación (R&I Days) 2024

Contido: Os RIDays 2024 brindaranlle a oportunidade de debater como podemos facer que Europa sexa máis sustentable e competitiva e celebrarán os resultados e logros en investigación e innovación durante os últimos 40 anos, desde o lanzamento do primeiro Marco de Investigación e Innovación da UE. Programa.

É a súa oportunidade de descubrir proxectos exitosos de I+i financiados pola UE, experimentar o seu impacto na nosa sociedade e debater sobre a importancia de seguir investindo en I+i. innovación | investigación enerxética | investigación sobre transporte | cambio climático.


Lugar: Bruselas e en liña

Organizador: Comisión Europea

Data de inicio: 20-03-2024

Data de fin: 21-03-2024

ACTIVIDADES



BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

Energy Prospectives 2023. Fundación Naturgy e IESE Business School

RECURSOS ELECTRÓNICOS

Novidades Bibliográficas Xaneiro 2024 - CEIDA

Revista 56 EUROPARC-España

Boletín de Novidades Bibliográficas - Novembro e Decembro 2023 - MITMA

Maletas viaxeiras - CEIDA

Boletín RedBosques Clima 04. Decembro 2023

Perspectivas para a transformación industrial cara unha economía verde - Fundación Naturgy

Informe Climatolóxico Anual 2023 (Resumo) - MeteoGalicia

BOLETÍN DE NFORMACIÓN AMBIENTAL



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA